

## **O alcalde de Bóveda veta a proposta de Declaración Institucional do PSOE en defensa do colexio e a garantía da educación pública no Concello**

O rexedor declinou incluír na Orde do Día do Pleno a proposta que vén de presentar o Grupo Municipal Socialista en Rexistro, co obxectivo de que a entidade local respaldase este dereito fundamental e democrático para o veciños do municipio

“O que é máis grave é que nos diga que non sabe que facer con ela. Isto é rirse e burlarse. É un despropósito e un insulto”, afirman os socialistas

Ao impedir que a proposta socialista vaia ao vindeiro Pleno e, por tanto, que se dean explicacións da situación creada pola concelleira do PP e mestra no centro, o rexedor “continúa agochándose e incumprindo a súa responsabilidade de garantir o funcionamento e o mantemento do centro educativo”, subraian

O obxectivo do PSOE é acadar o apoio unánime de todos os grupos políticos a este colexio como centro de referencia de Bóveda en materia educativa e a adhesión ao modelo público que garante o ensino como dereito, igualando aos cidadáns en oportunidades

**BÓVEDA, 20 DE FEBREIRO DE 2015.-** Os socialistas de Bóveda denuncian o veto do alcalde á proposta de Declaración Institucional promovida polo PSOE para o Pleno que se celebrará o luns 23 e en defensa do colexio e a garantía no Concello da calidade dun servizo público fundamental como é a educación, ao non ser incluída polo alcalde na Orde do Día da sesión plenaria. A voceira do grupo municipal neste municipio, que presentou esta proposta no Rexistro, lamenta que, finalmente, quedase fóra cando se trata dunha cuestión de gran interese para as familias do municipio.

“É unha actitude lamentable. Pero, o que é máis grave, é que nos diga que no sabe que facer coa proposta. Isto é menosprezar á comunidade educativa. Realmente, con este rexeitamento demostra que lle importan máis os intereses das siglas do Partido que representa que as necesidades dos veciños. É un despropósito e un insulto”, destaca a socialista.

E é que, con este feito, o alcalde do Partido Popular “está a censurar claramente unha iniciativa que pretende defender un dereito fundamental e democrático da cidadanía”. Trátase dunha proposta que, tal e como xa denunciaron en días pasados os socialistas, ten a súa razón de ser no comportamento da concelleira do PP e mestra no colexio de Educación Infantil e Primaria Rosalía de Castro, quen creou un forte malestar na comunidade educativa.

### **“O alcalde continúa agochándose”**

Ao impedir que a proposta socialista vaia ao vindeiro Pleno e, por tanto, que se dean explicacións da situación creada, o rexedor –José Manuel Arias– “continúa agochándose e incumprindo a súa responsabilidade de garantir o funcionamento e o mantemento do centro educativo”.



## NOTA DE PRENSA

“A súa actitude é cobarde ao non querer secundar esta proposta. O obxectivo dos socialistas non é outro que a defensa dun dereito fundamental como o é a educación pública”, insiste a voceira do grupo municipal do PSOE.

### **Fin último da Declaración Institucional**

Con esta Declaración, os socialistas pretendían acadar o apoio unánime de todos os grupos políticos a este colexio como centro de referencia de Bóveda en materia educativa e a adhesión ao modelo público que garante o ensino como dereito, igualando aos cidadáns en oportunidades.

---

Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

[www.psoeprovincialdelugo.com](http://www.psoeprovincialdelugo.com)

[www.facebook.com/psoeprovinciallugo](https://www.facebook.com/psoeprovinciallugo)

[www.twitter.com/PsoeLugo](https://www.twitter.com/PsoeLugo)